

ORDENANZA REGULADORA DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ

Artigo 1.- Titulares da Tarxeta.

A/ A Tarxeta de estacionamento é persoal e intransferible, e relativa a unha soa persoa e a un só vehículo propiedade do titular da tarxeta. Poderá ser titular aquela persoa empadroada neste municipio que presente graves problemas de mobilidade, que o acredite documentalmente.

B/ Persoas discapacitadas con mobilidade reducida, que sexan transportadas por terceiras persoas. Só se poderá facer uso dela cando se transporte a persoa titular da tarxeta.

Unicamente se pode ser titular dunha tarxeta, e con relación a un só vehículo.

Artigo 2.- Documentación e requisitos:

-Solicitud dirixida a Alcaldía, segundo modelo normalizado, na que se fará constar, entre outras cousas, os datos do vehículo (marca, modelo e matrícula).

-DNI do solicitante da tarxeta.

-Volante de empadroamento do solicitante da tarxeta.

-Dúas fotografías tamaño carné.

-Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a tarxeta.

-Certificado de minusvalidez actualizado, expedido polos equipos de valoración da Xunta de Galicia ou polos autorizados noutras CC.AA. Nel debe figurar que se lle recoñecen “dificultades graves de mobilidade”.

No caso de que na cualificación de minusvalía non conste dito dato, a persoa interesada, a través do Departamento de Servizos Sociais, ou este Departamento de oficio, fará unha petición ao Equipo de Valoración e Orientación de Ourense, co fin de que sexa valorada a súa mobilidade.

En calquera caso, non se outorgará a tarxeta se non se acreditan da forma sinalada as “dificultades graves de mobilidade”.

Artigo 3.- Procedemento:

A tarxeta solicitarase mediante unha instancia dirixida á Alcaldía, segundo o modelo normalizado, que se obterá no departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras.

A solicitude deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello, acompañada da documentación recollida no artigo 2.

O departamento municipal de Servizos Sociais elaborará o correspondente informe-proposta, que elevará á Alcaldía para que dite a pertinente Resolución concedendo ou denegando a tarxeta.

Esta Resolución seralle notificada á persoa interesada.

A tarxeta, unha vez concedida, será asinada polo titular e deberá plastificarse. Cando se utilice colocarse na parte dianteira do vehículo, de maneira que o anverso da tarxeta sexa claramente visible para o seu control.

Artigo 4.- Dereitos:

O Concello procurará establecer reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento debidamente sinaladas como de utilización exclusiva para vehículos que transporten as persoas titulares da tarxeta, especialmente en lugares próximos aos centros sanitarios e servizos públicos en xeral.

O titular da tarxeta poderá aparcarse nas prazas reservadas para o efecto cos seguintes límites temporais en función do tipo da tarxeta:

-3 horas nos casos recollidos no punto 1.1.A)

-media hora nos casos de tarxetas recollidos no punto 1.1.B)

Superados estes límites temporais, considerarase que estamos en presenza dun estacionamento prohibido por aparcar en zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos, tal e como se recolle no artigo 39.2.d) do Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 5.- Vixencia das tarxetas e comprobacións.

Farase constar na tarxeta a data na que remate a vixencia da tarxeta de estacionamento.

En principio, a tarxeta terá unha vixencia de 3 anos a contar dende a data na que se dite a Resolución co seu outorgamento.

Non obstante, a tarxeta terá unha vixencia menor nos casos nos que o certificado de minusvalidez no que se recollen as “dificultades graves de mobilidade” teña unha vixencia ou estableza un prazo de revisión menor. En tal caso, a vixencia da tarxeta coincidirá coa vixencia do certificado de minusvalidez.

Un mes antes de que caduque a tarxeta, o titular deberá solicitar unha nova. Para facelo, deberá realizar a solicitude e achegar toda a documentación prevista no artigo 2º desta Ordenanza.

Cando lle sexa entregada a nova tarxeta, o titular deberá á súa vez entregar a antiga.

En calquera momento, o Concello terá dereito a controlar que os requisitos que deron causa ao outorgamento da tarxeta continúan vixentes. Para estes efectos poderá requirir os titulares para que acheguen probas actualizadas do cumprimento das condicións.

Calquera variación das condicións que deron orixe á expedición da tarxeta deberá ser comunicada aos Servizos Sociais Municipais, no prazo máximo dun mes. De non facerse así, o Concello poderá anular a súa vixencia.

No caso de comprobarse un uso indebido das tarxetas, estas perderán inmediatamente a súa vixencia e serán retiradas. Todo isto sen prexuízo da imposición das sancións que puideran corresponder.